Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Serafín Janza Piñeiro , para obras de ampliación da rede de electricidade no lugar de A Pega (polígono 16 parcela 460) - Trabanca Sardiñeira (Ref. cat. 36060A016004600000GF), baixo as seguintes condicións:

1. Realizárase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executaráselle cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A fianza de 1.500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.
5. Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:
 - Prazo para iniciación: 4 meses.
 - Prazo para a finalización: 1 ano. (Expte. URB/2023/000705)

PRP2023/3291

Informar favorablemente, vistos os informes técnico e da Policía Local, a solicitude de D. Luis Gonzaga Rabanal Prieto, para instalación de entrada de carruaxes na Rúa da Fonte Trabanca Sardiñeira nº 9.

A entrada/saída de vehículos ten unha anchura de portal de 3,00 m. a través dunha beirarrúa de 1,00 m de ancho que presenta rebaxe no ancho do portal en toda a beirarrúa.

Comunicáselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp.URB/2023/000736).

PRP2023/3292

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Sergio Manuel Martínez Rey en representación de COMERCIAL MARTÍNEZ SÁNCHEZ SL, para acometida á rede de auga contraincendios na Rúa Merlo nº 14 (Ref Cat. 0061919NH2106S0001TH), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da vivenda, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2023/000749)

PRP2023/3295

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Antonio Santos Conde, para acometida á rede municipal de auga para servizo doméstico na Rúa Corgo do Outeiro nº 3 - Bamio (Ref. Cat. 36060A007001350000GZ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da vivenda, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. URB/2023/000791)

-

PRP2023/3299

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alejandro Sobrino Granja, para limpeza de canos en tellado do inmovible sito na Rúa Méndez Núñez nº 6 / Rúa Romero Ortiz nº 7 (Ref. Cat. 9363610NH1196S0001GJ).

- O inmovible obxecto da actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 148 PHA, tendo

en conta que a actuación non afecta aos acabados do inmovible, non deberá obter o preceptivo informe favorable de Patrimonio, segundo a Instrucción interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2023/000813)

PRP2023/3296

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Andrés Montero Dopico en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Trav. Pablo Picasso nº 10 (S/Ref. GDEG1823080004), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido

e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

- Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras "vinculadas" a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2023/000805)

PRP2023/3298

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alejandro Sobrino Granja, para limpeza de canos en tellado do inmovible sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 8 (Ref. Cat. 9463025NH1196S0001XJ).

- O inmovible obxecto da actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 159 PHA, tendo en conta que a actuación non afecta aos acabados do inmovible, non deberá obter o preceptivo informe favorable de Patrimonio, segundo a Instrucción interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2023/000812)

PRP2023/3317

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Oscar Leiro Santos, para instalación de toldo na beirarrúa no local sito na Avda. Valentín Viqueira nº 1 - Carril (BAR BEIRAMAR), toda vez que aínda non obtivo autorización para instalar a correspondente terraza vinculada ao establecemento. (Expte. URB/2022/000131)

PRP2023/3318

Informar favorablemente a rectificación da Resolución de Alcaldía de data 26/05/2023 pola que se concede autorización a Dna. Ana Rosa Vidal Fernández para instalación de vado permanente na Rúa Faxilde nº 32, sendo en realidade na intersección de Rúa Faxilde coa Rúa Fonte de Faxilde, segundo escrito presentado pola interesada en data 09/06/2023, quedando redactada da seguinte maneira:

"Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana Rosa Vidal Fernández, para vado permanente na intersección de Rúa Faxilde con rúa Fonte de Faxilde (REF. Cat. 7744201NH1174S0001YZ), de conformidade co informe da Policía Local, no que se fai constar que a entrada /saída de vehículos ten un ancho de 3,60 m. quedando a nivel coa calzada, carecendo de beirarrúa.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2023/000094)."

PRP2023/3319

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Andrés Montero Dopico en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Montecelos nº 20 (S/Ref. GDEG1823050011), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía**

de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras "vinculadas" a licenza de obra concedida.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2023/000842)

LICENZAS DE SEGREGACIÓN

PRP2023/3303

Informar favorablemente a solicitude de Dna. M^a Alejandra Castro Casas,, para segregación de 39,00 m² da finca da súa propiedade, situada no lugar de Rúa Fonte Figueirido (Ref. Cat. 8049327NH1184N0001IJ), de conformidade coa documentación achegada e documento de cesión asinado coa data 28/07/2023, aceptando dita cesión, aos efectos de proceder á súa incrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade. (Expte. URB/2023/000743).

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2023/3331

Informar favorablemente a solicitude de D. Alberto Martínez Otero en representación de D. Daniel Costa Barcala e Dna. Clara Valiño López , vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Espiñeiros esquina Rúa Pontella de Cea nº 23, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Alberto Martínez Otero (visado coa data 02/12/2022), documentación complementaria e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública, asinada coa data 30/08/2023. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural. Núcleo Periférico NP Grado 1
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 70%
- Orzamento de execución material: 147.471,58 €
- Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1966609NH2116N, 1966611NH2116N, 1966612NH2116N, 1966613NH2116N, 1966614NH2116N e 1966618NH2116N.
- Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Alberto Martínez Otero.

Arquitecto Técnico D. Ismael Lorenzo Pérez

Director das obras D. Alberto Martínez Otero

Coordinador de Seguridade e Saúde D. Ismael Lorenzo Pérez

- De conformidade co disposto no **Art. 145 da LSG** o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (**Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG**)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- **A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.**
- **De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.**
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no **Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción** e demáis normativa ao respecto.

PRP2023/3332

Informar favorablemente a solicitude de D. Carlos Berride Abalo en representación de PESCAVELLA SL, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de edificio illado destinado a restaurante de 1 garfo, no lugar de Avda. As Carolinas s/n, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Carlos Berride Abalo e documentación complementaria . En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano R3 residencial Bloque illado
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Comercial
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 18,50 m.; 50%
- Orzamento de execución material: 348.317,77 €
- Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 0061951NH2106S0001QH
- Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Carlos Berride Abalo

Director das obras D. Alberto Martínez Otero

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras

maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación:
 - Estudo de Seguridade e Saúde.
 - Oficios de dirección de execución material e de coordinador de Seguridade e Saúde.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración).`
- Posteriormente, unha vez concedida licenza de 1ª ocupación, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade (art. 11.2 do Decreto 144/2016). (Expte. URB/2023/000421)

PRP2023/3322

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Victor Cespón Tiago en representación de PROMOCIONES CORTEGADA DE VILAGARCÍA SL, de renuncia á tramitación do expediente para construción de cinco vivendas unifamiliares na Rúa Os Martices s/n, con ref. catastral 0758820NH2105N0001LF, de conformidade co informe técnico no que se fai constar que segun visita de inspección realiada o 25/08/2023, as obras non se realizaron, procedendo o arquivo do expediente. (Expte. URB/2008/000355)

PRP2023/3320

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Carmen Santiso Rolán en representación de Dna. María Mercedes González Rodríguez de excepcionalidade do cumprimento das normas de habitabilidade de Galicia NHV-2010, nos seus apartados I.B.3.1.1, I.B.3.1.2, I.B.3.1.3, I.B.3.2.1 e I.B.3.3 do Anexo I das normas de habitabilidade de Galicia NHV-2010, e as obras de adecuación funcional de edificación existente para instalación de ascensor e remodelación e cambio de uso de planta baixo cuberta en Avenida Doutor Moreira Casal, nº2, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) Ref. Catastral: 9568012NH1196N, segundo “Refundido de proxecto básico e de execución”, redactado pola arquitecta doña Carmen Santiso Rolán, con

visado colexial de data 13.02.2023 e con suxeición á Resolución da Directora Xeral do Patrimonio Cultural do 07.03.2022.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Exp. URB/2021/000861)

PRP2023/3321

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Victor Cespón Tiago en representación de PROMOCIONES CORTEGADA DE VILAGARCÍA SL, de renuncia á tramitación do expediente para construción de dúas vivendas unifamiliares na Rúa dos Maios nº 18 con Ref. Catastral 8453019NH1185S0001HL e Rúa Montecelos 14 , con ref. catastral 8453020NH1185S0001ZL, de conformidade co informe técnico no que se fai constar que segun visita de inspección realiada o 25/08/2023, as obras non se realizaron, procedendo o arquivo do expediente.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos relativos ao expediente DISC/2023/32 - D/21/23´.. (Expte. URB/2008/000355)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2023/3306

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titular da actividade de bar na Avda. Pontevedra nº 90 Bx. (Ref. Cat. 1149921NH114N0001JQ) outorgada por Resolución de Alcaldía de data 22/04/1976 a

Dna. Teresa Cores Figueira, quedando subrogada Dna. María Teresa Ramos Cores, na posición da anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016.

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000061)

ASUNTOS VARIOS

PRP2023/3323

Informar favorablemente a recepción das obras de Urbanización nunha Rúa Transversal á Av. Agustín Romero (RU 253), promovidas por D. Amador Vázquez Guiao, de conformidade co informe do Enxeñeiro Técnico, así como do informe do Arquitecto Municipal no que fai constar que a Urbanización está executada e é coherente co proxecto de urbanización aprobado.

Así mesmo debido á pouca entidade da actuación e que a rúa afectada polas obras está integrada na trama urbana consolidada non é necesario constituír unha entidade urbanística de conservación para o mantemento da urbaización. (Expte. P/2020/000004 / R.U.253)

PRP2023/3324

Dáse conta da Resolución de Augas de Galicia de autorización usos privativos por disposición legal e recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas dun pozo na Rúa Xesteira nº 20 a Dna. Raquel Albaladejo Bermejo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:17 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.